

## Análise



**OBRAS** Varias portadas dos exitosos libros de Fernández Paz como 'No corazón do bosque', 'Cartas de inverno' ou 'Noite de voraces sombras'

■ Texto: Ruth Fernández  
■ Foto: R.F.

**S**e na vida é único que queda é o amor, como suxire Agustín Fernández Paz no seu último libro, máis vale coidalo e loitar por el dende a máis humilde posición ou dende as almeas dun glorioso castelo. O amor, ese sentimento en ocasións inefable, resulta ser o motor do mundo tan próximo como o do escritor, así se ve nas páxinas publicadas por xerais na última entrega do escritor de Vilalba.

Difficil resulta, dicimos hoxe, atopar o AMOR verdadeiro nunha sociedade cada vez máis materialista, que o único que busca é o pracer momentáneo que produce o feito de atesourar máis bens. Se só ollamos

o lado económico, se só atendemos ao presente máis inmediato, o amor pode esvaeirse do noso alcance, ou nin sequera chegar a albisca de lonxe, se lle dá por fuxir de quen só pensa en si mesmo, con actitude egocéntrica e individualista.

O libro de Agustín F. Paz reflicte diferentes tipos de amor que podían ter triunfado pero que, por diversos motivos, acabaron no esquecemento ata que, por casualidades da vida, algo fai que aguramos máis facendo dese ser humano. Amor, amor, amor, esa enfermidade e á vez cura doutros males. Coñecido é iso de que amor... con amor se paga. E ás veces quedan grandes débedas...

Como aparece na cuberta de *O único que queda é o amor* trátase dun libro de relatos no que os personaxes se namoran e descubren que o amor

é un sentimento moi poderoso, capaz de transformalos por enteiros e facerlles a vida doutro xeito. Pero nese ir e vir tamén experimentan a amargura do desamor, da ausencia ou dos amores rotos.

As historias do libro reflicten que as covardías neste terreo sentimental poden ter consecuencias eternas e devastadoras, impredecibles se teñen lugar no seo dunha relación amorosa, posto que nada queda ao final, nin os protagonistas nin as súas historias particulares, só o amor. Neste sentido pódese citar un tema no que Silvio Rodríguez asegura que os amores covardes non cnegan a amores nin a historias'. Como se apuntou neste mesmo xornal o pasado día 28 de novembro, o certo é que non serve de nada encontrar a persoa indicada se non é o momento

axeitado', xa que en realidade 'o único que importa é que o azar nos poña no lugar adecuado no momento xusto'. O sentimento do amor aparece na última obra de Fernández Paz en todas as súas variantes: dende o primeiro amor adolescente ata outro tipo de amor que se mantén máis alá da morte.

No libro de Fernández Paz aparecen moitas citas bibliográficas, facendo referencia a autores polos que Agustín expresa devoción, como é o caso de José Ángel Valente, ao que cita varias veces nesta obra ('una soa palabra tuya quiebra/ la ciega soledad en mil pedazos' do poema 'Sé tú mi límite'). Outros son Paul Auster ou Scott Hicks, de quen recollo a seguinte cita: 'Hala bicar. E o bico que lle deas será polo que midas todos os outros bicos da túa vida'.

Deste xeito tamén cómpre dicir que o título inicial do libro fa ser *Sucos de bágoas*, en referencia ao filme de Wong Kar Wai (*Todas as lembranzas son sucos de bágoas*), pero a lectura de Neve, de Orhan Pamuk, condicionou o novo e definitivo título, a través dunhas palabras tan impactantes como as que seguen: "e cando me decato de como imos pasar por este mundo sen deixar rastro despois de levar unhas vidas estúpidas, comprendo con rabia que na vida o único que queda é o amor".

Como Agustín creo que as palabras teñen a forza necesaria para cambiar o mundo, e tamén penso que os libros son imprescindibles para axudarnos a vivir e a soñar. Así, lembro as referencias do autor de *O único que queda é o amor*, a través dalgunhas das citas máis significativas. Pois, como opina o autor de *Cartas de inverno*, *Rapazas*, *Corredores de sombras* etc., as primeiras lecturas deixan nas persoas un poiso que dura toda a vida, sen que poidan faltar na biblioteca a particular Edgar Allan Poe, Julio Verne, Julio Cortázar ou Kafka.

Durante varios anos fixo un libro de relatos (que apareceron previamente en revistas e obras colectivas en versións primitivas) cun fin común, o feito de falar da importancia do amor, ese sentimento "capaz de transformarnos máis profundamente que calquera outro, e tamén da súa ausencia, do baleiro que deixa nas persoas cando as voltas da vida o fan imposible". Pero é tamén un libro sobre a importancia da lectura na vida, constituíndose en homenaxe aos libros dos que se inclúen certos fragmentos.

O propósito de Agustín é o seguinte: "Encantárame provocar nos lectores o desexo de achegarse aos títulos dos que están extraídas esas poucas liñas". E aparecen dende o conto tradicional de Rapunzel ata *La memoria y los signos*, *Breve son e Fragmentos de un libro futuro* de J. A. Valente, pasando por *¿Que me quieres, amor?* de Manuel Rivas, entre outros.

Debemos poñer atención a que "o azar tamén pode ser cruel e arrebatarnos ese fio de ilusión co que, ás veces, tentamos manter acesa a luz da nosa vida" (p. 128). Que nunca nos falte esa luz "unha ilusión en un libro co que soñar, e menos nestas datas de Nadal. Grazas Agustín, por ese agasallo de *O único que queda é o amor*, ilustrado por Pablo Auladell, e que recibín como auga de maio semanas atrás.

Pois, seguindo a Álvaro Cunqueiro, "o home necesita, como quen bebe auga, beber soños". Tampouco esquezamos, que "din que a vida é unha estrela fugazzzzzzz/ que cruza o ceo/ na noite", segundo Celso Emilio Ferreiro. Dese xeito "cheza o momento de non agardar por ningún/ Fasa o amor, silencioso e fugaz, / como na distancia un tren nocturno", di J. Margall, mentres que Valente asegura que "El amor está en todo lo que tendemos (...) / el amor está en todo lo que izamos (...) / en lo que combatimos (...) / por verdadero amor". En definitiva o amor é o único que verdadeira mente importa.

# O único que queda é o amor